

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 01-09-2022, ditou a resolución con número 2524/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADE XERAL DURANTE O ANO 2022.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de maio de 2022 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2022", e as "Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 97, de 24 de maio de 2022.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 98, de 25 de maio de 2022, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 13 de xuño de 2022.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2467/2022 do 26 de agosto, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 30 de agosto de 2022, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional.

Consta non expediente o informe do Técnico de Deportes.

Visto o cal,

RESOLVO:

Primeiro.- Incrementar os importes globais correspondentes ás "Bases específicas da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022", por importe de 13.400,00 € acadando así un importe global de 138.400,00 €, visto que unha vez resoltas con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2022" e a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2022" non se acadou o gasto máximo previsto existindo importes excedentes de 8.500,00 € e 4.900,00 € respectivamente, e prevendo as bases das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites.

Segundo.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de

138.400,00 € . Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Terceiro.- Autorizar ás entidades sinaladas no Anexo 2, e para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan, por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, o cal solicitaron facendo constar expresamente que os seus importes se axustan a criterios de mercado.

Cuarto.- Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos de constitución da mesma e os que se derivan do proxecto subvencionado.

Quinto.- Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Sexto.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022. Concesión Provisional.

Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2022. Concesión Provisional.						
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Equipos federados de natación, triatlón e atletismo.	53,69	14.130,00 €	64.998,00 €
2	Asociación Deportiva Xiria	G15113376	Promoción do voleibol e desenrolo das diversas competicións.	35,22	9.200,00 €	28.500,00 €
3	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Actividade Xeral durante o ano 2022.	28,01	7.371,60 €	20.149,04 €
4	Club Ciclista Carballo	G15208879	Escolas de Ciclismo.2022	16,91	4.450,33 €	8.900,66 €
5	Club Ciclista Monteneme	G15861271	Competición Oficial Federada de Ciclismo.	6,33	1.665,91 €	3.640,01 €
6	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	Actividade Xeral Federada do club xadrez O Toque Xiria Carballo 2022.	11,45	2.960,00 €	5.920,00 €
7	Escola Basket Xiria	G70045844	Promoción do Baloncesto e competición federada Escola Basket Xiria 2022.	61,19	16.103,83 €	58.617,94 €
8	Escola Lubiáns de Hóckey a Patíns	G15149230	Hockei a Patíns e Patinaxe Artístico	53,97	10.000,00 €	51.800,00 €
9	Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Promoción Balonmán nas Competicións.	90,50	23.817,56 €	114.324,29 €
10	Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo.	49,91	13.135,19 €	27.518,44 €
11	Judo Club Bergantiños	G70457411	Judo Federado 2022 e Circuito Nacional de Copas de España.	14,08	3.705,54 €	7.411,08 €
12	Karate-Do Carballo	G70319744	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2022.	7,94	2.089,63 €	4.179,26 €
13	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Salvamento Deportivo 2022.	36,17	9.519,13 €	19.038,26 €
14	S.D. Oza	G70597760	SD Oza. Participación en competición oficial federada 2022.	12,52	1.500,00 €	9.475,00 €
15	S.D. San Lorenzo de Berdillo	G15321060	Fútbol en Verdillo ano 2022.	11,47	1.500,00 €	9.150,00 €
16	Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	SD Sofán Actividade Deportiva 2022	65,55	17.251,28 €	47.929,43 €
Total					138.400,00 €	

Anexo 2.- Entidades autorizadas para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratando cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan.

Solicitante	CIF/NIF	Proxecto a Subvencionar	Empresa o persoa ca que se contrata.	Descrición do gasto.	Importe Solicitado
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Equipos federados de natación, triatlón e atletismo.	Gustavo Álvarez Nogueira	Coste entidade Salario Adeptador e Director Xeral.	38.700,00€
			María Teresa Vila Bermúdez (Asesoría Barca e Vila)	Asesoría Fiscal, Laboral e Contable da Entidade.	2.000,00€
Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo.	David Iglesias Barca	Coordinador: Salario + SS.	20.800,08 €
Karate-Do Carballo	G70319744	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2022.	Alejandro Felpeto Gesto	Técnico Entrenador: Salario + SS.	4.500,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Susana Mariño Lorenzo

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Susana Mariño Lorenzo